

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE AGOSTO DE 2021

Ás 12:10 horas do día 25 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de agosto (e ampliada o 25 de agosto), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, vogal suplente da técnica de Administración xeral de Contratación (asiste ao punto 11e)
D^a. María del Carmen Pazos Area, suplente da directora de Ingresos (asiste aos puntos 2c e 6b)
D^a Marta Freire Quintas, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento (asiste aos puntos 7, 9c, 10b, 11a e 11c) e da xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste ao punto 11f)
D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste aos puntos 2b e 4)
D^a. Fátima María Dueñas Corchero, xefa de Turismo e Industria (asiste aos puntos 2a e 6a)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2d, 6c, 9a e 11b)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 9b e 10a)
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 11d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 1 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a D. JOSÉ LORENZO FORTES por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. GUARDIAN HOMELAND SECURITY, S.A.: a solvencia técnica declarada non se refire aos tres últimos anos tal e como esixe a cláusula 8.4.3º do PCAP e declara dispor de certificados de calidade pero non especifica cal (o prego esixe no apartado 5B do Anexo I -FEC- o certificado de calidade ISO 9001: 2015 ou norma equivalente), polo que deberá presentar un novo DEUC. Para os efectos de facilitarlle a súa cumprimentación infórmase que respostando á pregunta recollida na Parte IV: Criterios de selección/α: Indicación global relativa a todos los criterios de selección, entenderase que reúne todos os requisitos do PCAP.
 2. USIS GUIRAO, S.L.: non declara estar en posesión do certificado de calidade ISO 9001: 2015 ou norma equivalente, polo que deberá presentar un novo DEUC. Para os efectos de facilitarlle a súa cumprimentación infórmase que respostando á pregunta recollida na Parte IV: Criterios de selección/α: Indicación global relativa a todos los criterios de selección, entenderase que reúne todos os requisitos do PCAP.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 2 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 12 de agosto de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 12 de agosto de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. BELENUS NATUR, S.L.
2. COSTAS Y OTERO, S.L.
3. INSTALACIONES NATURGAS, S.L.

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación os tres.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. BELENUS NATUR, S.L.
 2. COSTAS Y OTERO, S.L.
 3. INSTALACIONES NATURGAS, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica/ apertura de mostras

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días aos dous licitadores presentados para que poidan emendar a documentación persoal.

6.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 3 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo mensual ofertado s/iVE	Metros de distancia entre o local ofertado e o almacén de material turístico sito na rúa López de Neira nº27	Metros cadrados de superficie útil do local ofertado (mínimo 120 m2)	Metros lineais de fachada do local
1	JOSÉ LORENZO FORTES	1.200,00	127,47	129,13	5,87

O licitador presenta documentación complementaria.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración da proposición ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo unitario por notificación
1	CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L.	1,44 €

O licitador non presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de 3 días a CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2C do PCAP
2. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 4 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(3.892-611)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo (sen IVE)		Incremento prazo garantía	
		Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2
1	BELENUS-NATUR, S.L.U.	86.108,80 €	27.252,62	24 meses	24 meses
2	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	89.648,94 €	29.503,36	24 meses	24 meses
3	COSTAS Y OTERO, S.L.	85.029,09 €	26.765,02	5 anos	5 anos
4	INSTALACIONES NATURGAS, S.L.	91.000,00 €	27.690,00	24 meses	24 meses
5	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U.	88.750,00 €	28.250,00	24 meses	24 meses

Asisten á apertura D. Miguel Areses Elizalde, con DNI **.66.52*, en representación de INSTALACIONES NATURGAS, S.L. e D. Xosé Luis Pérez Rivas, con DNI **.52.06*, en representación de BELENUS-NATUR, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración das proposicións ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto, das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión-Feder Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 17 de agosto de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ORECO, S.A.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 19 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 5 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

clasificación. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda conceder un prazo de tres días a ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. para que poida emendar a documentación presentada xunto coa súa oferta segundo o esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP e a cláusula III do PPT. Concretamente deberá presentar a seguinte documentación:

1. *Certificados do fabricante do equipamento conforme os materiais empregados na construción foron elaborados baixo condicións de calidade produtiva, procesos respectuosos co medio ambiente, sustentabilidade e coas condicións laborais. Mediante Certificado ISO serie 9001 de calidade ou equivalente e certificado ISO 14001 medioambiental ou equivalente.*
2. *Documentación acreditativa de que o material non foi instalado nin usado anteriormente e acreditar as datas de fabricación de modo que se garanta que é un material novo.*

Lémbrese que de conformidade co esixido no citado apartado 6B "Se o licitador non posúe a mencionada documentación dentro do prazo de presentación de ofertas será excluído da licitación", polo que poderán chegar a documentación sempre que a posúisen dentro do prazo de presentación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 20 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión-Feder Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 13 e 15 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 6 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) na seguinte orde descendente:

Lote 1: Equipos autónomos de respiración

Orde	Licitador	Prezo
1	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	194.205,00€

Lote 2: 2 Hidrolavadoras

Orde	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	39.076,95 €

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) (B-85.885.812), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto” (862-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto” (862-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 7 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97.62
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94.35
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93.86
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	93.17
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	91.25
6	ORECO, S.A.U.	85.52
7	NAROM, S.L.	79.00
8	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	71.15

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación informa que con data do 6 de agosto de 2021 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación ao primeiro clasificado, API MOVILIDAD, S.A., que presenta a documentación requirida o 11 de agosto, dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a API MOVILIDAD, S.A. para que acredite a solvencia económica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("*Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito*").

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 8 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación informa que con data do 6 de agosto de 2021 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación ao primeiro clasificado, GASÓLEOS AMIGO, S.L. , que presenta a documentación requirida o 19 de agosto, dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a GASÓLEOS AMIGO, S.L. para que acredite a solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación") e acompañe o anexo IV do PCAP "Documentación a presentar polo licitador que resulte clasificado en primeiro lugar".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo" (702-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo" (702-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO LARANXO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 9 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €) e con sinatura dixital de 12/05/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 23.590,46 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.67 ("Beirarrúa no camiño do Laranxo").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo" (702-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	NAROM, S.L.	88,17
2	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	87,57
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	85,94
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	83,88
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,21
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	79,70
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	72,05



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L. (B-36.163.418), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 e 30 de xullo de 2021, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 11 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NAROM, S.L. (B-36.163.418) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo" (702-441) por un prezo total de 105.886,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.376,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Declaración da urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo da PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 12 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2021" NA PRAZA COMPOSTELA.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 21 de xullo de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 26 de xullo de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación do servizo de PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2021" NA PRAZA COMPOSTELA

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 62.009,72 euros (IVE incluído) e sendo o valor estimado do contrato de 51.247,70 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2021 pola xefa do Servizo de Festas.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	100 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., o día 13 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 e 18 de agosto e deposita a garantía o 24 de agosto, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 13 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable a través de fórmula asinado o 10 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión deste procedemento de EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2021 pola xefa do Servizo de Festas, adoptada por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019) do 13 de agosto de 2021.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 14 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Adxudicar a *INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522)* o procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335) por un prezo total de 62.009,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.762,02 euros cunha porcentaxe de desconto do 4% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP e coas seguintes condicións:

a) *Propón unha maior experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico:*

- *Responsable de coordinación/xefe de emerxencias de 15 anos.*
- *Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención de 7 anos.*

b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*

- *Piano tipo modelo C3 para a celebración do Festival de Música clásica e Jazz*
- *Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 15" para todos os eventos*
- *Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 12", todos os eventos*
- *Maior número de cabezas móbiles híbridas de 180 W (beam, spot e wash) con protocolo DMX maestro/escravo, apertura foco de 6o a 60o e un mínimo de 20 canais DMX, todos os eventos*
- *Maior número de tarimas, de tixola altura regulable de 2x1, todos os eventos*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

e) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 15 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2021-2022".

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 10/06/2021 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 16/06/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2021-2022" por procedemento aberto.

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 4.440.000,00.-€ (correspondendo 66.600,00 euros na anualidade de 2021, 2.220.000,00 euros na anualidade de 2022, e outros 2.153.400,00 euros na anualidade de 2023) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2021-2022" por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo "Aulas Internacionais".
O valor estimado do contrato estipúlase en 9.768.000,00.-€*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 16 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L. (B-22.210.843), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 10 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 24 e 25 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 17 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EDUCATION, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 2 e 3 de agosto de 2021 e o acordo da Mesa de Contratación polo que se lle outorga a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula de data 9 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. (B-22.210.843) o procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 4.440.000,00 euros (exento de IVE) e cun prezo unitario por alumno de 2.400,00 euros.
- b) Propón un incremento de 0 monitores/as por riba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.
- c) Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) de 100%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

f) Procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeadado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 18 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeadado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO NA ZONA I: CENTRO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 30.03.2021 e 07.04.2021 (anexo IV).

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.05.21

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS CINCUENTA E UN MIL CENTO TRINTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.551.133,15 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de CATROCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (442.758,65 €).

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 1650.619.00.61.- Plan de eficiencia enerxética, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2021	2.551.133,15 €	2.108.374,51 €	442.758,65 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:



1. Sesión do 9 de xullo de 2021: non se admite neste procedemento á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
2. Sesión do 5 de agosto de 2021: exclúese a SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SICE) por conter na súa oferta prezos unitarios dos subministros superiores aos prezos unitarios da licitación, os cales teñen a consideración de máximos, tal e como se recolle no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	IMESAPI, S.A.	98,20
2	UTE TECUNI S.A.U. (60%)- ELEUKON (40%)	91,47
3	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S. A. (50%) - SIELVIGO, S.L. (50%)	86,65
4	EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	79,88

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A. (A-28.010.478), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 20 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMESAPI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMESAPI, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 5 de agosto de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:
 - Sesión do 9 de xullo de 2021: non se admite neste procedemento á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
 - Sesión do 5 de agosto de 2021: exclúese a SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SICE) por conter na súa oferta prezos unitarios dos subministros superiores aos prezos unitarios da licitación, os cales teñen a consideración de máximos, tal e como se recolle no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 21 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Adxudicar a IMESAPI, S.A. (A-28.010.478) o procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 2.551.133,15 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 442.758,65 euros, cunha redución dos prezos unitarios dos subministros recollidos no anexo IV do PPT que resulta do cadro incluído como Anexo V ao PCAP segundo os importes sinalados na súa oferta.
- b) Propón unha porcentaxe de desconto única do 20,00% a aplicar para todos os prezos unitarios máximos para a execución de pequenas actuacións de obras para as instalacións dos elementos subministrados incluídos no anexo V do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 07:26	Páxina 22 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4H-5CD83F-325945-B7NUUD-BP1U7Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		